

Festas e mitoloxía relixiosa

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O tesouro do Mosteiro de Caaveiro

O Mosteiro de Caaveiro está nas Fragas do Eume, concello d'A Capela (A Coruña).

Contoume meu avó que preto de aquí escondido baixo unhas penas hai un tesouro moi grande ao que os frades para defendelo lle puxeron unhas cordas de tal xeito que parecían cobras. Sabedores diso, os veciños do lugar tentaron ir na súa busca. Atopárono pero cando un deles lle botou a man para sacalo saíulle unha cobra moi grande con dúas cabezas. As cordas estaban encantadas. O tesouro disque aínda segue aí.



BIBLIOGRAFÍA

«**Manifesto de Caaveiro (2009)**», en *O Retorno*, nº 3: Museo Etnográfico de A Capela, Asociación Patronato do Museo Etnográfico

de A Capela 2009.